

Os escritores de Galeusca apoian as mobilizacións en defensa do idioma

HIPATIA

Marica Campo

Escritores galegos, vascos e cataláns acordaron o pasado fin de semana no XXVI Galeusca, celebrado en Arantzazu, apoiar as mobilizacións que se celebran en Galiza, Euskadi e Países Cataláns na defensa dos dereitos lingüísticos e amosar o seu 'total desacordo' coas 'accións regresivas' respecto ao galego adoptadas polo goberno



Os escritores galegos, vascos e cataláns na reunión de Arantzazu (Euskadi) o pasado 12 de outubro.

M.B.

A clausura da XXVI edición do Galeusca en Arantzazu o pasado 12 de outubro supuxo non só un cambio de ciclo para o encontro anual de escritores das literaturas galega, vasca e catalá, que pasa a estar representada legalmente pola Federación Galeusca, senón que serviu ademais de altofalante da preocupación do sector e o seu "total rexeitamento" ante as agresións que están a sufrir as linguas minorizadas.

Concretamente, os participantes aludiron ás "accións regresivas" que está a executar o goberno de Núñez Feixóo con respecto ao galego. Neste sentido, as tres asociacións de escritores tomaron a decisión de apoiar a manifestación que terá lugar o vindeiro 18 de outubro en Compostela, convocada pola plataforma Queremos Galego. Ademais, a Federación Galeusca, ante a próxima celebración do xuízo oral contra a dirección de Auskaldunon Egunkaria, fixo chegar a súa "solidariedade" aos imputados e esixiu o arquivo da causa.

O Galeusca rematou ademais con mudanzas internas destacadas. O presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez Iglesias, releva-
rá, no exercicio rotatorio da presidencia, a Guillem Jordi Graells,



O galego Cesáreo Sánchez Iglesias, o vasco Fito Rodríguez e o catalán Guillem J. Graells.

presidente da AELC, e organizará o próximo encontro anual da federación, que será ao tempo xuntanza de escritores, como viña sucedendo, e asemblea xeral. Na presidencia, Cesáreo estará apoiado por tres vocalías de recente creación, unha en cada asociación.

Entre as conclusións do encontro de Arantzazu, que levou por lema 'Literaturas minorizadas, grandes desafíos', figura a de tomar postura pública ante "os ataques" que afectan ao desenvolvemento das culturas nacionais representadas no Galeusca. Ademais, a Federación, a través de European Writers Council, participará nos debates sobre lexislación e directivas europeas de propiedade intelectual, así como as cuestións

relacionadas cos novos formatos dixitais, a propiedade intelectual e o libro electrónico.

No que respecta ao ámbito estatal, tamén se decidiu incidir nos traballos da subcomisión parlamentar que estuda a revisión da Lei de Propiedade Intelectual. Neste senso, Cesáreo Sánchez, avanzou que a Asociación de Escritores en Lingua Galega xa estableceu contactos cos parlamentares nacionalistas en Madrid. No encontro valoráronse ademais moi positivamente os novos contratos tipos pactados entre a asociación de escritores e o gremio de editores cataláns e recomendouse a súa difusión e utilización futura.

PRIMEIRAS ACCIÓNS DA FEDERACIÓN. Con respecto a posta en marcha

O Galeusca rematou con mudanzas internas destacadas

da Federación Galeusca, o escritor Cesáreo Sánchez sinalou que detrás desta decisión tócase a necesidade de "por ao día a relación entre as tres asociacións e as tres literaturas", mantendo os postulados cos que naceu o Galeusca hai 26 anos. Pasa así de ser unha reunión anual consensuada de escritores dos tres sistemas literarios a adquirir unha entidade legal que lle permite servir de interlocutor ante administracións e institucións en temas de lingua e literatura.

O encontro serviu tamén para medir a saúde das tres literaturas e linguas. Con respecto ao galego e a literatura, Cesáreo Sánchez destacou o seu "bo estado" e valorou positivamente a "implicación dos escritores máis novos" no que significa ter unha literatura nacional cada vez máis normalizada. Entre a delegación galega que se desprazou a Arantzazu están Antía Otero, Marcos Calveiro, Fran Alonso, Antón Riveiro Coello, Rexina Vega, Francisco Castro e o propio Cesáreo Sánchez.●

Aínda non vin a película de Alejandro Amenábar *Agora*; fareino en breve malia ter medo de lle pór rostro a unha personaxe que me fascina. Acontece a miúdo. A falta de datos permítenos tecer lendas sublimadoras á medida dos nosos soños e, se cadra, o retrato que fan outros producéndonos decepción. Seica a Igrexa, tan dada aos anatemas, xa anda a condenar a película. Mesmo quen ver nela unha conxura do goberno español contra o cristianismo co que, segundo afirman, pretende rematar. Parece ser que unha das voces máis alporizadas é a de Jesús Trillo, un irmán do ex ministro de José María Aznar, vinculado á FA-ES. É un bo síntoma. As causas e as cousas, igual que as persoas, tamén se definen polos inimigos que teñen.

Non sei como reflicte a película o papel de San Cirilo de Alexandría no referente á morte da heroína. O certo é que Hipatia era a personificación de todo o que o predicador rexeitaba: paganismo, razón *versus* fe, liberdade e mais helenismo en estado puro. Seguramente os coñecementos da filósofa, astrónoma e matemática, só ao alcance dunha elite, non redundaban en melloras prácticas para o pobo. Pola contra, o cristianismo oficialles unha esperanza ás masas populares apoiándose no irracionalismo fanático. A mente fronte ao sentimento e, xa se sabe, tratándose de masas, sempre leva a de gañar este.

Comparen, por ver se atopan algún paralelismo, a queima da biblioteca de Alexandría e o asasinato de Hipatia coas actuacións contra a nosa lingua.●

Hipatia é a mente fronte ao sentimento

